

DOMINGO XXIII ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Ez 33, 7-9

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA EZEQUIEL

Así fala o Señor: ¡Eh ti, fillo de Adán!: a ti constituínte vixía para a Casa de Israel, vas escoitar da miña boca as palabras, e valos avisar da miña parte. Cando eu lle diga ó malvado: "Malvado, vas morrer", se ti non lle falas para avisalo do seu destino, el, o malvado, morrerá pola súa culpa; pero a ti pediránseche contas do seu sangue. Pero se ti avisa-lo malvado do seu destino para apartalo del, e el non cambia de conducta, el morrerá pola súa culpa pero ti salvara-la túa vida.

SALMO RESPONSORIAL Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9

R/. (8): **¡Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor!
Non endurezáde-los vosos corazóns.**

Vinde, cantémoslle ó Señor,
aclamémo-la nosa rocha salvadora;
acheguémonos á súa presenza dándolle gracias,
aclamémolo con cancións.

Vinde, adorémolo prostrados,
axeonllémonos perante o Señor, que nos creou,
pois el é o noso Deus,
e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía.
Oxalá escoitedes hoxe a súa voz.

Non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
onde os vosos pais me tentaron:
provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos.

SEGUNDA LECTURA Rm 13, 8-10

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS ROMANOS

Irmáns: a ninguén lle debades nada, fóra de amarvos uns a outros, pois o que ama o próximo, ten cumprida a Lei. Porque o non adulterarás, non matarás, non roubarás, non cobizarás, e tódolos outros mandamentos, resúmense nestas palabras: amara-lo teu próximo coma a ti mesmo. Quen ama o seu próximo non lle fai mal. Verdadeiramente o amor é o pleno cumprimento da Lei.

EVANXEO Mt 18, 15-20

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: se teu irmán peca, vai e repréndeo, pero ti con el só. Se te escoita, lográche-lo teu irmán. Se non te escoita, leva contigo aínda un só ou dous, de modo que pola palabra de dúas ou tres testemuñas todo o asunto quede resolto. Se tampouco a eles lles fai caso, dillo á comunidade; e se nin sequera á comunidade lle fai caso, sexa para ti coma un pagán ou un publicano. Dígovolo de verdade: O que atedes na terra, será atado no ceo, e o que desatedes na terra, será desatado no ceo.

Dígovos aínda máis: Se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguiranlo do Pai meu, que está nos ceos. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio deles estou eu.